



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Buscando quentura para as invernías

Empezou o outono con xeitos de invernía. Ameazan as augas e os ventos. Os fríos do norte visítannos antes tempo e xa a neve fai de señora polo Cebreiro. O arboredo case non ten tempo para cambiar de roupaxe e anda algo tolo entre se vestir de verde, marelo, vermello ou acastañado, ou todo revolto. Compensa así coa súa graza a dureza don clima hostil, que a xente entendida anuncia petón e persistente. Sabemos que a vida segue aí, agochada, disposta a ben pasar a etapa da invernía, preparándoo todo coidadosamente para o estoupido primaveral.

Quizabes este cadro da natureza poida ser coma unha parábola de como nos van indo as cousas, vendo nestas tanto os acontecementos civís da sociedade como os meramente relixiosos; nuns e noutros, xaora –

así o cremos firmemente–, xógase a gloria da xente, a gloria polo tanto de Deus. E así, aínda que a barruntada exterior nos encolla os corpos e os ánimos, aléntanos a esperanza de que algo se move silandeiramente nos baixos das nosas vidas, da nosa historia augurando venturas. Así o cremos. E ao servizo desta fe van estas nosas palabras.

1.- De visita polo «Val dos Caídos»

Pechamos a Crónica anterior manifestando o noso desexo de comentar brevemente algo do que nos provoca a evocación deste monumento que xa non sabemos ben como cualificar: de relixioso?, de político?, de enalzamento do Deus da paz?, de enalzamento do Deus da guerra?, para a reconciliación?, para o enfrontamento?, para selar pasados?, para remexelos?, ao Deus da paz?, ao Deus das

cruzadas? O que ata hai poucos anos, na nosa conciencia algo inocente, non era máis ca un esplendoroso e quizais excesivo edificio –froitto do «mal da pedra» que afecta gravemente a case todas as persoas que se moven con aires prepotentes e necesitan prolongarse no tempo mediante obras materiais relevantes–, converteuse nun «signo de discusión», como aquela espada ben sabida de María (cfr. Lc 2, 35), que tenta atravesar a alma da convivencia española.

A comunidade beneditina do mosteiro da Santa Cruz do Val dos Caídos empezou a cantar loanzas a Deus e, igual sen quero, tamén ao réxime franquista, no ano 1958, como consecuencia da cultura nacionalcatólica que daquela o invadía case todo. O soado abade, Xusto Pérez de Urbel, encabezou o primeiro grupo de monxes que de Silos baixaron ata a serra madrileña, e que hoxe preside o prior Santiago Cantera. Non era nada doado o papel que se lles encomendaba: ser comunidade de reconciliación rodeada dunha historia e dunha chea de signos que en boa medida falaban do contrario; era enorme, case insuperable, a tentación de vincu-

larse emocionalmente coa simbólica e coa lectura franquista da historia recente de España. E así foron pasando os anos e, cos anos, o que se pretendía fose un elemento de arrefriamento das tensións entre os vellos vencedores e vencidos, foi pasando a ser na conciencia de millóns de homes e de mulleres españois coma un cancro que dificultaba a convivencia e que, polo tanto, necesitaba ser extirpado. Todo se concentrou de maneira un tanto simplista na necesidade do traslado dos restos de Francisco Franco, porque disque a súa presenza alí, comandando con honores especiais os restos de milleiros de mortos con mortes por el causadas, era simplemente unha burla case dantesca.

O actual goberno español está empeñado en levantar os restos de Francisco Franco e en levalos a un lugar carente de honores especiais. Posiblemente o faga. Cremos que é ben que o faga. En realidade o acto histórico de reconciliación que coa construción dos Val dos Caídos se pretendía realizar non foi tal; posiblemente, no fondo, nin tal reconciliación estaba no ánimo de quen dela falaba. Reconci-

liar significa cando menos admitir erros —e que erros!—, non recoñecer o sucedido como ben sucedido, e agora paz e despois gloria. Co traslado dos restos de Francisco Franco e coa posible consecuente diminución da afluencia política cara á abadía, os monxes quedarían liberados dunha boa rémora para o seu labor de pacificación, de acordo co lema «*Pax*» que caracteriza aos beneditinos. De todas as maneiras, o tal traslado non sería máis ca un primeiro capítulo dun longo proceso de reconciliación que ata o presente, despois de 80 anos de remate da contenda fratricida, non se ten encarado con verdadeira vontade de facelo. A lei de que todo pasa co tempo aquí non se cumpre. E os lumes mal apagados poden reavivarse con calquera vento adverso. A lei de memoria histórica, aplicada con sentido común, pode axudar no intento. E tamén o podemos facer, e moito, a xente de Igrexa, reconciliada por medio de Cristo e portadora dunha encomenda de reconciliación (cfr. 2Cor 5, 18-19), que ha ter, se quere ser tal, unha verificación histórica, cando a historia así o demanda. Se así o queremos, temos es-

pírito e táboas para nos mover atinadamente neste delicado asunto e podemos contribuír a unha necesaria pacificación dos ánimos. Oxalá!

2.- Cara a unha preocupante invernía democrática

Chama a atención a forza que en importantes partes do mundo están collendo os réximes de talante cando menos fortemente autoritario. Nalgúns lugares estes réximes viñan impostos de vello pola forza, pero noutros estanse impondo co apoio democrático pasado polas urnas; onde non acadaron o poder, si conseguiron unha representación significativa. Vén pasando nalgúns países europeos, pasou nos EE.UU. e pasou recentemente no Brasil. Por aí andan os analistas intentando descifrar o feito; moitos apúntanse a interpretalos como un paso máis dun neoliberalismo, que sabe manexar todo o que está ao seu alcance, permitido ou non, quen sabe?, para en definitiva imponer as súas teses: gobernos condescendentes que deixen as mans libres. Pero hai moitos máis matices que nos desconcertan. Créanse ou per-

mítense desigualdades sociais, con formas de vida máis ou menos depauperadas, que logo se encirran contra supostos inimigos causantes dos feitos: inmigrantes, populistas, exceso de liberdades, falta de controis...; e envolto moitas veces en extremas actitudes medrosas e proteccionistas do «noso», sexa este noso o país, as crenzas, as tradicións propias. Todo parece apuntar cara a un afiado destes síntomas, e a que nun futuro próximo quizais nos sentiremos morriñosos polo que agora temos, que nos parece pouco.

Preocúpanos o papel que xoga ou pode xogar a Igrexa en todo isto. O documento «*Oeconomicae et pecuniariae quaestiones*», que comentamos na Crónica anterior, permítenos ver a perspectiva na que se sitúa a doutrina social da Igrexa para analizar moitos elementos deste acontecer turbulento. Pero é unha perspectiva pola que pasan de largo os construtores das novas realidades políticas. Máis alá dese marco de comprensión e de posible acción, as persoas crentes, católicas e non católicas, acaban incluídas nos procesos electorais duns e doutros países, e que papel xogan aí? No

Brasil, por nos referir ao último país que entrou nesta carreira autoritaria, os crentes católicos maiormente apostaron por unhas maneiras de facer política próximas ao PT (partido dos traballadores), entre as que estaba un traballo de contención ante todo o interese dos grandes capitais internacionais por acaparar inxentes cantidades de terreo de selva para satisfacer os seus intereses económicos contra os intereses de masas de homes e mulleres sen terra. Houbo unha pequena parte de católicos que apoiaron ao controvertido Bolsonaro (que nun momento democrático normal, debería cando menos estar incapacitado para calquera cargo público polo que a súa boca esbardallaba), e houbo unha maioría evanxelista que o apoiou na súa visión máis tradicional da familia e reforzou as súas medidas a prol dun recorte de liberdades en cuestións que lle fan as beiras á sexualidade (divorcio, LXTBI); os grandes problemas sociais parecen non existir para estas formas de crer, ou existen pero non teñen entidade ante os primeiros, ou simplemente resólvense con man castigadora.

No Brasil perdeu o PT e perdeu tamén a Igrexa católica, que ve como se lle van escapando fieis a milleiros, a millóns, cara ás bancadas evanxélicas. No Brasil e noutras partes perde esa Igrexa que, coa lectura das Benaventuranzas e de Mt 25 nas mans (tan repetidamente encomendada polo Papa Francisco), ve como xente en principio ben desvalida lle dá as costas e apúntase a novos mesianismos (Jair Messías son os nomes de Bolsonaro), que teñen todas as bazas para acabar en novas frustracións. No Brasil perdemos dalgunha maneira todos nós, todos os homes e mulleres que, apegándonos ao Evanxeo de Xesús, pensamos ter atinado cunha resposta eficiente para as maiorías empobrecidas. Será que a xente, como lle pasou a Xesús, lle volve as costas a esta maneira de vincular fe e vida, fe e pobreza, fe e riqueza, ou será que non estamos facendo as cousas tan ben como pensabamos, ou será que o «príncipe deste mundo» é moi poderoso e non lle damos paso ao máis valente que o poida derrubar (cfr. Mt 12, 29).

En fin, que no horizonte aparece unha preocupante invernia

democrática que o cuestiona todo, e que porá a proba a nosa mesma fe relixiosa no referente ao seu significado e valor para axudar a resolver problemas humanitarios. Tempos de proba, tempos de purificación, para os que cómpre nutrirse axeitadamente.

3.- No Sínodo da mocidade

No momento en que nos dispoñemos a redactar esta Crónica aínda non nos puidemos facer cunha versión do documento final do Sínodo da mocidade, celebrado en Roma entre os días 3 e 28 de outubro. Non puidemos lelo e, polo tanto, non poderemos comentalo desde nós mesmos. Sabemos, iso si, que é un documento relativamente longo, que se compón dunha introdución e tres partes que teñen títulos que fan referencia ao relato de Emaús (Lc 24, 13-35): «Camiñaba canda eles»(v. 15), 1.^a; «Abríronselles os ollos»(v. 31), 2.^a; e «Erguéronse axiña»(v.33), 3.^a. Cadansúa parte, á súa vez, divídese en catro apartados: para a primeira: «Igrexa que escoita», «Tres sínodos cruciais», «Identidade e relacións» e «Ser mozos e mozas

hoxe»; para a segunda: «O don da mocidade», «O misterio da vocación», «A misión de acompañar» e «A arte de discernir»; e para a cuarta: «A sinodalidade misioneira da Igrexa», «Camiñar en grupo no día a día», «Un relanzamento misionero renovado» e «Formación integral». Todo remata cunhas breves reflexións sobre a santidad, que conforman a conclusión. En total 167 parágrafos, que recibiron todos eles o *placet* dos asistentes que tiñan dereito a votar, aínda que non todos coas mesmas maiorías.

E este foi o traballo levado a cabo durante case un mes por 266 bispos, 20 cregos e relixiosos, 23 expertos en cuestións relativas á mocidade e 43 oíntes, entre os que se atopaban 34 mozos e mozas, que algo, pouco, puideron falar, pero que careceron de voto. Se nos fiamos de varias persoas con criterio que leron o texto e compartiron impresións, non nos atopamos ante un documento que vaia marcar época precisamente; máis ben, algo sen moita graza nin moito nervio. Non dubidamos do interese e da boa vontade das persoas que na aula sinodal faláron e escoitaron du-

rante case un mes de cousas que teñen que ver coa mocidade e coas potencialidades e carencias que a caracterizan nos nosos tempos, no referente á súa construción humana e tamén á especificamente relixiosa. Non dubidamos diso, pero non é doado que varios centos de clérigos, máis ben moi entrados en anos, poidan ter a mente fresca para captar a xente nova con empatía, e uliscar cando menos aquilo que de máis prometedor levan na súa mente, no seu corazón. É peado falar con acerto da mocidade, sen que a mocidade estea e fale de igual a igual, en graza á consagración bautismal que a todos e todas nos fai por igual fillas e fillos de Deus, persoas agraciadas co don da palabra (profecía), co don de poder ofrecer a propia vida coma un obsequio agradable a Deus (sacerdocio) e co don da autoridade ou poder (realeza). Neste senso, hai quen afirma que máis relevante para o conxunto da Igrexa que o documento final do sínodo, poida que o sexa a constitución apostólica *Episcopalis Communio*, promulgada o 18 de setembro, que renova as normas do funcionamento do Sínodo, coa

idea de convertelo en algo máis áxil, máis plural, máis aberto á participación, máis vivo e real. Oxalá! Iso si, seguirá sendo un Sínodo de Bispos, que pensan e falan no nome do pobo de Deus. Sería demasiado descarado pedir que o Sínodo se abra, con voz e voto, a persoas distintas dos bispos, homes e mulleres, xente nova, xente maior, convertendo o Sínodo dos Bispos nun Sínodo do Pobo de Deus? Para a cultura normal dos nosos tempos iso sería o razoable. E por que o razoable non sempre atopa espazos entre nós?

En fin, malo será que no documento final non atopemos palabras e suxestións alentadoras, renovadoras. Agardamos con ganas a redacción que o Papa Francisco faga a partir do documento do Sínodo ao que nos estamos referindo. Supoñemos que non deixará de remexelo e de nolo ofrecer en volto da graza do seu especial carisma. Deus te oía! —dicimos por aquí. Estamos convencidos de que o importante vén agora, e ten que ver coa implicación real dos diferentes recursos eclesiais que traballan coa mocidade nos que, aínda que sexa de forma indirecta, todas, todos

estamos incluídos. Unha Igrexa sen mocidade é unha Igrexa sen retos no presente e sen alma no futuro.

4.- Consolando soidades

Hai poucos días puiden escoitar e compartir as queixas aborrecidas dun crego rural da montaña, que non daba entendido como desde os así chamados axentes pastorais das parroquias non se ofrecía unha alternativa sería de acompañamento a tanto velliño ou velliña que viven os últimos anos da súa vida nunha dolorosa soidade. Xente con familia que a vai ver de cando en vez, xente que goza coa visita dalgún veciño ou veciña e ocasionalmente tamén doutras persoas, pero que basicamente son persoas soas, remoendo soidades de día e de noite. Avogaba el por renunciar a tanta palabra, a tanta manía por querer dicirle á xente o que ten e o que non ten que facer, e por gastar todas as forzas que teñamos, poucas ou moitas, en estar simplemente aí, ao pé do abandono e da desolación. As queixas do crego en cuestión tamén ían dirixidas, xaora, ao conxunto da sociedade que, por lei de vida —dicimos—,

fomos abandonando unha cultura familiar moi atenta ao acompañamento da xente anciá, para substituíla pola nada en moitos casos, e noutros por recursos como Centros de Día e Residencias, importantes, si, pero cantas veces fríos, distantes, unha especie de emigración cara a ningures na vellez.

Hai poucos días tamén puiden ler un informe que falaba da inxente cantidade de suicidios que se dan en España, unha das máis importantes causas de morte despois do cancro, cousa da que non se informa pensando que facelo pode fomentar esa práctica desoladora. Pero que non se espalle o feito non quere dicir que o feito non estea aí, e non o estea con todo o seu dramatismo, cuestionando a euforia desta sociedade moderna que comemos o mundo, pero que non damos xestionado a propia condición humana, tanto cando a temos envolta en carencias materiais, coma cando en bens materiais somos abundantes. E cuestionando tamén o labor consolador da vida relixiosa cristiá, que ou non sabemos ofrecer, ou, sendo ofrecido, non é apreciado hoxe coma un valor.

Puiden comprobar que a palabra consolación está composta en latín por dous vocábulos, *cum* e *solor*; *solor* xa significa aliviar, confortar, consolar, pero a preposición *cum* dálle un ton social: o alivio, o conforto vén grandemente a través da compañía da xente; e caio na conta de cantas palabras ben importantes para o noso desenvolvemento humano empezan polo prefixo «com»; e así, se non hai consolación, haberá desolación, abandono, que é xustamente o que viven tantos velliños e velliñas de aldea, e seguro que tamén das vilas e cidades. Por iso consideramos de tanto valor calquera iniciativa de acompañamento que se leve a cabo, e por iso valoramos concretamente o labor promovido polo franciscano Enrique Roberto Lista, que co consentimento da súa familia franciscana decidiu empregar o convento de San Francisco de Betanzos, baleiro desde hai uns anos, nun espazo onde naceuse e medrase unha «Familia aberta», que así se chama a forma de convivencia que queren ofrecer a persoas soas, homes e mulleres. A xente vive, dorme, nas súas casas, pero desde as primeiras

horas do día pode integrarse nesta «Familia aberta», para alí almorzar, xantar, cear, convivir, responsabilizarse de tarefas domésticas, participar noutro tipo de actividades útiles, e todo desde a autoxestión, que fai que as persoas que conviven se convertan en xestoras orgullosas da súa común consolación, e todo desde unha liberdade e apertura, que se concreta na participación libre, na opción de entrada e saída etc., dentro dun cadro de responsabilidade compartida, e sen preguntar pola confesión relixiosa da xente que participa, aínda que o feito en si sexa xa algo fondamente relixioso por ser fondamente humano. Queira Deus —que o quere, vaia se o quere!— que se espalle a idea e o pobo poida gozar deses edificios eclesiásticos reconvertidos en fogares de consolación, que para iso realmente foron feitos.

5.- A graza da necesaria autonomía

A cousa non vai de política, aínda que podía ir. Ultimamente todo o mundo puido bater con algunhas noticias referidas a certas circunstancias eclesiais. Unha, por exemplo, ten que ver

con esa modificación prevista na lei de ensinanza (que a saber como se vai chamar), que fará que as clases de relixión nin van ser computables para a nota media, nin van ter unha materia alternativa, co que quen non dea relixión, poderá quedar libre nese tempo. Non gusta o feito desde a perspectiva eclesiástica, porque se considera que deixa a relixión en condición de desprotección, en inferioridade. Volve-mos ás andadas co tema do IBI para os bens eclesiásticos ou co tema da exención do pago do imposto hipotecario, e desde a Igrexa alegamos que a exención do IBI e do imposto hipotecario non lle afecta soamente a esta institución, senón tamén a calquera outra que teña uns fins sociais manifestos. Pero é que, claro —din os outros—, a Igrexa dispón dun patrimonio enorme e multiforme, que fai que esa igualdade no campo do IBI acabe non sendo tal. Por estes mesmos días soubemos que a Igrexa arxentina vai renunciar ao subsidio económico que o goberno da nación lle outorgaba desde os tempos da ditadura, uns 150 millóns de dólares ao ano. Nós estamos aí, entremedias, coa intención manifestada hai tem-

po de chegar a unha autonomía económica, pero vinculándonos ao Estado para a recadación, e para algúns importantes complementos. A mesma información sobre a pederastia, que xa comentamos nestas páxinas, parece que soamente ten en conta os casos moi minoritarios en número, por penosísimo que sexa o seu significado, e silencia case totalmente o problema enorme que ao respecto existe noutros estamentos da sociedade.

Con facilidade lemos todas estas informacións en clave de asedio contra a Igrexa, e seguro que algo dese espírito non está ausente na sociedade. Persisten vellos rancores, nos que no nacemento e permanencia seguramente algunha responsabilidade, tivemos e temos. Pero a quen isto escribe parécelle que nestas cousas e noutras semellantes navega certo convencemento de termos dereito a sermos tratados con deferencia preferente e certo medo a encarnarnos espidos cos nosos propios recursos á tarefa que consideramos oportuno realizar, que non debера ser outra que compartir a Boa Noticia de Xesús que a nós tanto nos ten valido. E, dado como está o panorama, dubidamos de

se, por urxencia evanxélica, non sería máis oportuno –sen perder a dignidade propia e a do servizo que podemos prestar– apelar ao razoamento e actitude existencial, institucional, de Paulo cando, sentíndose con dereito a vivir á conta do anuncio do Evanxeo, opta por renunciar a este dereito e decide vivir simplemente do froito do seu traballo manual (cfr. 2Tes 3, 6-10; 1Tes 2, 9; 1Cor 4, 11-12). Cando certas actitudes aconfesionais tentan como desprotexer a Igrexa e privala de calquera tipo de privilexios ou apoios especiais, no fondo non nos estarán facendo un favor? Non nos estarán quitando lastre, para que a andadura evanxelizadora sexa máis áxil, transparente e eficaz? Ansiar prácticas facilitadoras na economía, no ensino, na difusión, na presenza social, non acabarán poñendo en evidencia e potenciando as nosas propias fragilidades? Porque o problema está basicamente en nós, na enorme fragilidade das nosas mesmas comunidades parroquiais, como o pon en evidencia o feito repetidamente recoñecido, pero ata agora non resolto, de que os nenos e as nenas, a mocidade, cumpridos os requi-

sitos sacramentais da primeira Comuñón e da Confirmación, desaparecen das nosas comunidades. E a cousa non é un problema da xente miúda; o problema está na propia comunidade que o facilita. En definitiva, sermos xente felizmente autónoma, non por ningunha chulería nin vana autosuficiencia, senón pola responsabilidade de non empanar en nada o Evanxeo que Deus puxo nas nosas mans.

6.- Un regalo de 90 anos

E acabamos esta Crónica facéndonos eco da homenaxe que en Vilalba se lle fixo o 15 de novembro a Uxío García Amor, crego da diocese de Mondoñedo-Ferrol, co gallo do cumprimento dos seus 90 anos. Uxío, don Uxío, foi e segue a ser un crego ben especial, un referente para a clerecía mindoniense e aínda galega, sexa cal sexa o aire que a mova; e, se o é así, é porque todo o mundo percibe nel unha humilde autenticidade, unha coherencia, un saber estar e saber desaparecer, un querer valorar sempre o pouco ou moito ben que se mova ao seu redor, unha sinxeleza evanxélica, cousas todas que

fan agradecerlle a Deus a súa vida pasada e presente, ao tempo que nos invitan a deixarnos cuestionar e levar pola forza da súa actual debilidade. Fiel seguidor desta revista, empeñado tamén no intento de vincular fe e galegitude, asiduo participante das romaxes galegas de crenes, aínda en tempos nos que a romaxe estaba na picota eclesial, en fin unha chea de méritos aos que nos rendemos con devoción. Facemos nosas as palabras de Francisco Martínez que se poden ler noutras páxinas desta revista.

E unha suxestión referida á lectura de dous textos, un acabado de saír do forno, o discurso do Presidente da CEE Ricardo Blázquez, na inauguración da 112 Asemblea Plenaria da CEE onte mesmo, 19 de novembro, con interesantes reflexións sobre o Sínodo da Mocidade no que participou, e sobre a relación do Papa Paulo VI e España. As súas impresións sobre o Sínodo son moi positivas e esperanzadoras, distintas logo do que máis arriba deixamos caer; dentro delas aproveita para facer algunhas necesarias precisións e indicar tomas de posturas sobre o tema da pede-

rastia, que encaixan totalmente co que desde Roma se está potenciando. Parabéns, de pasada, para o novo Secretario xeral da CEE, Luís Javier Argüello García, gañador en lide espiritual-democrática: 45 Argüello, 29 Sangrador, promovido este polo episcopado máis conservador, segundo din os observadores entendidos no asunto. Parabéns e acertos en momentos nada doados para unha presenza eclesial humilde, pero sabia e de calado.

O outro escrito, tamén sobre a pederastia na Igrexa española, débémollo ao sociólogo Xavier Elzo; un escrito que, máis aló de

primeiras impresións, tenta iniciar un traballo de fondo sobre o feito e as causas, que facilite tamén o camiño das posibles solucións. Axudan a unha reflexión de calado, que é necesario facer. Podemos acceder a el facilmente en *google* escribindo nome e temática.

E máis nada. Que o inverno nos sexa suave. Que para todo inverno busquemos e atopemos quenturas. Feliz Nadal. Feliz ano novo. Nel encontraremos de novo, se non hai outra cousa disposta.

Manuel Regal Ledo